

“Xosé María Díaz Castro. A beleza que fere”

Intervención de Manuel Bragado no Club Faro de Vigo, 12 de maio de 2014

Un ano máis acudimos á cita do Club Faro de Vigo para celebrar o Día das Letras Galegas e render nesta ocasión homenaxe á figura humana e literaria de don Xosé María Díaz Castro, o autor de *Nimbos*, un dos cumes da poesía galega, a quen se homenaxea este 17 de maio no Día das Letras Galegas.

Agradecemos a súa presenza e a dos participantes Armando Requeixo Cuba, Luís González Tosar e Xosé Luís Méndez Ferrín, que hoxe renderán recordo e homenaxe ao poeta de Guitiriz. En nome do Club Faro de Vigo agradémoslle aos tres a súa xenerosidade por participar nesta importante xornada para o Club.

Armando Requeixo Cuba naceu en Mondoñedo. É doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago e profesor de ensino secundario. Recentemente presentou a súa tese de doutoramento “A poesía en galego de Xosé María Díaz Castro: estudo e edición crítica”. Requeixo é, sen dúbida, o maior estudoso da figura de Díaz Castro. Autor de dúas obras esenciais neste ano diazcastrino: a biografía “Xosé María Díaz Castro. Vida e obra” e a edición da Poesía galega completa de Xosé María Díaz Castro, ambas as dúas publicadas pola editorial Galaxia. Como investigador e ensaísta tense ocupado da obra doutros autores, singularmente de Ánxel Fole. Desenvolve un constante labor como crítico literario en diversos medios, entre eles no “Faro da Cultura”, e no sue blog *Criticalia*. Unha parte representativa dese labor crítico foi recollida en 2011 no libro *Criticalia*. Recibiu diversos premios, entre eles, o Premio Xerais á Cooperación Editorial de 2004 e o Premio Ánxel Fole de 2010.

Luis González Tosar naceu en Bos Aires, mais desque regresou a Galicia chantou as súas raíces en Guimarás, nas terras do Irixo. Completou os seus estudos de bacharelato no Instituto Santa Irene das Travesas, onde coñeceu a Ferrín. É licenciado en filoloxía galega pola Universidade de Santiago e profesor de ensino secundario, felizmente xa xubilado. Foi director da revista poética *Dorna* e dende 1995 é presidente do Pen Clube de Galicia. Recibiu a medalla Castelao en 2005. Tosar é un dos grandes poetas galegos do noso tempo. Autor de libros memorables como *A caneiro cheo* (1986), *Remol das travesías* (1989) e *Estúrdiga materia* (2008), todos eles publicados por Galaxia. Tosar ocupouse da edición máis recente de *Nimbos*, a cuarta preparada pola editorial Galaxia, coincidindo coa celebración deste 17 de maio, que reproduce escrupulosamente aqueloutra de 1989, a segunda, na que Tosar participou (como responsable da nova etapa da colección Dombate) e considera testamentaria, e que o autor deu por boa despois de corríxila e revisala, un ano antes do seu pasamento en 1990. Tosar mantivo unha estreita amizade con Díaz Castro, que abrangueu a derradeira vida do poeta.

Xosé Luís **Méndez Ferrín** naceu en Ourense. Catedrático do Instituto Santa Irene durante catro décadas, hoxe xubilado, escritor, mestre indiscutible das letras galegas contemporáneas e figura cimeira da nosa cultura, foi presidente da Real Academia Galega até a súa demisión a comezos do pasado ano. Fundador e director dende 1990 da revista de pensamento crítico *A Trabe de Ouro*, colaborador veteranísimo de *Faro de Vigo*, imparte o seu maxisterio cada sábado na sección “No fondo dos espellos” e cada sexa sexta e segunda feira nas páxinas de opinión do decano. Alén da súa tarefa de construción dun grande macrotexto literario, no que tanto dende a obra poética como da

narrativa, procura unha renovación constante das formas artísticas, polo que foi proposto para o Premio Nobel de Literatura, Ferrín desenvolveu un importante labor no eido da investigación e crítica literarias, nos que ten realizado estudos decisivos, como *De Pondal a Novoneyra* (1984), sempre mantendo unha relación constante coa literatura medieval, expresada singularmente no seu discurso de ingreso na RAG o 30 de setembro de 2000, “A poesía medieval galega vista desde os relanzos derradeiros do século XX”.

Antes de darlle paso aos nosos convidados, para entrar en materia, permítanme ler unha nota introdutoria sobre a importancia da figura literaria de Xosé María Díaz Castro:

A elección pola Real Academia Galega de Xosé Manuel Díaz Castro como figura do 17 de maio de 2014 homenaxea a un poeta de formas clásicas de orixe chairega e a un libro, *Nimbos*, considerado como un dos maiores logros da literatura galega do século XX.

Nacido en 1914 na casa de Cidre de Vilariño dos Cregos, unha das aldeas da parroquia dos Vilares de Parga, no concello lucense de Guitiriz, formou parte do que Carballo Calero chamou “Escola de Cantores de Natal” do Seminario de Mondoñedo, onde se forxou como ávido lector e alicerzou a súa cultura humanística. Para Alfonso Blanco Torrado, o seu primeiro biógrafo e valedor á fronte da Asociación Cultural Xermolos, aqueles sete anos mindonienses, nos que amigará con Aquilino Iglesia Alvariño e coñecerá a poesía de Noriega Varela e Crecente Veiga, período formativo no que recibirá tamén o impacto do latinista Francisco Fanego Losada, “axudaron a Díaz Castro a perfilar e madurar a súa vocación de escritor”.

Será naquel Mondoñedo da Segunda República, impregnado polos aromas das conversas da barbaría do Pallarego, onde o poeta dos Vilares comezou a recoller os seus primeiros versos nuns “cadernos de poesía” titulados *Follas verdes* (cantares e romances, 1934) e *Follas ao aire* (novas poesías), que quedarían “perdidos”, en realidade nunca editados, aínda que “sempre activos e vivos no seu arquivo nostálxico”. Senllos “libros perdidos” aos que acudiría decote “para resgatar da memoria algún poema na busca da luz e da aurora”, como salientou o seu biógrafo. Textos recuperados na edición xa citada da poesía galega completa preparada por Requeixo.

Cando estoupou o levantamento militar de 1936, como membro da quinta do 35 foi destinado ao Corpo de Sanidade Militar da Coruña. Durante apenas unha semana serviu como practicante na fronte de Asturias, para ser trasladado despois á clínica militar do Hospital de Pontevedra. Rematada a Guerra, abandonou de forma definitiva o seminario mindoniense. Chamado por Iglesia Alvariño, en 1940 trasládase a Vilagarcía de Arousa, onde durante sete anos exercerá como profesor no colexio León XIII, ensinando latín e inglés e continuando a aprendizaxe doutros idiomas, unha das súas maiores paixóns, que o levará a dominar unha decena de linguas.

Tras abandonar Arousa, procurará en Madrid un novo futuro. Durante tres anos traballará en centros privados como profesor de linguas, incorporándose como tradutor do Ministerio da Gobernación. En 1952 ingresou no Instituto de Cultura Hispánica, onde se encargaría durante catorce anos dos servizos de tradución de francés, inglés, alemán, italiano, portugués, holandés e linguas escandinavas. Traducirá profesionalmente tamén para o Instituto do Frío do CSIC e para diferentes editoriais

privadas textos de poetas como Yeats e Rilke. Durante a súa estancia en Madrid nunca perdeu o contacto coa súa terra nin coa escrita en galego. Colaborou coa viguesa revista *Alba* e mantivo en *La hoja del lunes* da Coruña a sección “Anecdótico humorístico”, protagonizado por un paisano bautizado como “Antón do Foxo”, asinando co alcume de “Castelo”.

O fito fulcral da súa traxectoria literaria será a publicación en 1961 por parte da editorial Galaxia de *Nimbo*, onde recolleu trinta e dous poemas escritos ao longo de varias épocas, mais todos eles, en palabras de Otero Pedrayo, “reflexos da unidade dun vivire”. Pezas que o poeta de Guitiriz definía como “fragmentos de min mesmo perdidos”, “Díaz Castro perdido no traxeito dun recordo moi longo”. “O poema é só un nimbo de lus” lemos no primeiro verso da segunda composición deste libro de poemas extraordinario, no que autor concibe a poesía “como unha actividade puramente artística, que constitúe a forma máis perfecta de expresión dos seres humanos e as súas relacións”. Fuxindo do descritivismo paisaxístico e de calquera xeito de costumismo, sen perder unha miga da fala popular chairega e brañega, Díaz Castro condensa en palabras de xigante e metáforas de luz e sombra a súa ollada sobre a vida e a morte, sobre o amor e a emigración, sobre a xustiza e a beleza, sobre o paso do tempo e a súa patria galega. Poemas inesquecibles como “Monumento á ausencia”, “Terra achaiada”, “A cerna” ou “Penélope”, onde quizais atopamos a definición poética máis emocionante, tamén a máis dolorosa e actual, das que se teñen feito sobre o país noso:

“Un paso adiante e outro atrás, Galiza
e a tea dos teus soños non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove”.

Tempo haberá para continuar cernando este serán sobre un poeta esencial e austero, un clásico humilde, que escribiu algúns dos versos máis inesquecibles agromados en galego: “A luz do mundo é a que arde nunha bágoa”, “ O verdeiro amor enferra en neve”.

Este serán Armando Requeixo, Luís González Tosar e Xosé Luís Méndez Ferrín afondarán na traxectoria humana e literaria de quen na súa lápida no cemiterio de Guitiriz reza: “A beleza feriume para sempre”.

Moitas grazas.

Ten a palabra Armando Requeixo.